



Estimados/as amigos/as:

O Goberno central, a través dos **ministerios de Economía e Competitividade (MINECO)** e **Educación, Cultura e Deporte (MECD)**, vén de publicar varias actuacións que poden ser de interese para organismos públicos de investigación, universidades e centros tecnolóxicos e de apoio á innovación. Trátase das axudas para a **realización de estadías no estranxeiro para xoves doutores “José Castillejo”**; as **estadías de profesores e investigadores séniores en centros estranxeiros de ensino superior e investigación**; e as **accións de dinamización “Europa Investigación” 2015**.

As **accións de dinamización “Europa Investigación” 2015**, enmarcadas no Programa Estatal de I+D+I Orientada aos Retos da Sociedade, están encamiñadas a aumentar o número de grupos de investigación participantes no programa Horizonte 2020, mediante a concesión de axudas para financiar os gastos da preparación de propostas de proxectos dentro dos piáres “Retos Sociais” e “Liderado industrial”, accións de intercambio de persoal Marie Skłodowska-Curie RISE e ITN e propostas de axudas ao Consello Europeo de Investigación “Starting”, “Consolidator” e “Advanced”. Os organismos beneficiarios son organismos públicos de investigación, universidades públicas e privadas con capacidade e actividade demostrada en I+D, centros públicos de I+D, entidades sanitarias públicas e privadas sen fins de lucro, entidades públicas e privadas sen fins de lucro que realicen actividades de I+D e centros tecnolóxicos e de apoio á innovación de ámbito estatal. O prazo de solicitude xa está aberto e pecha o 14 de maio de 2015. Podes obter máis información no seguinte [enlace](#).

Pola súa banda, as axudas para **realización de estadías no estranxeiro para xoves doutores “José Castillejo”** estadías de mobilidade no estranxeiro “José Castillejo” están destinadas a investigadores mozos que

obtiveran o grao de doutor con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2004 e que teñan vinculación contractual como persoal docente ou investigador a tempo completo cun centro de investigación que cumpra os requisitos da convocatoria. O número estimado de estadías que se concederán é de 260 e inclúen unha dotación mensual para gastos de aloxamento e manutención, gastos de viaxe e de instalación e un seguro de accidentes e seguro médico, se fose preciso. A duración das estadías deberá ser de entre 3 e 6 meses e os centros de acollida deben estar situados no estranxeiro e ser altamente competitivos. O prazo de presentación de solicitudes será do 23 de abril ao 14 de maio de 2015. Podes consultar os detalles da convocatoria na **[web do MECD](#)**.

Por último, as **estadías de profesores e investigadores séniors en centros estranxeiros de ensino superior e investigación** están dirixidas a profesores ou investigadores con vinculación funcional ou contractual como persoal docente ou investigador de universidades públicas españolas, CSIC ou doutros organismos públicos de investigación co obxectivo de propiciar a actualización permanente de coñecementos e a participación en tarefas docentes e investigadoras do centro de acollida. Concederánse un máximo de 360 estadías en universidades e centros de investigación situados no estranxeiro e altamente competitivos na área científica do candidato. O prazo de solicitude, a duración das estadías e a dotación das mesmas coincide coas axudas para investigadores mozos que explicamos no parágrafo anterior. Podes ampliar información no seguinte **[enderezo web](#)**.

Agardando que esta información sexa do teu interese, despedímonos até o próximo xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixas pinchando aquí. Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.